

Martín Romero gaña o III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026

A Asociación Cultural Autobán, co apoio do Concello da Coruña, promove por terceiro ano consecutivo este certame pioneiro no sector da autoedición

Neste 2026, o premio recaeu na obra “Diarios”, de Martín Romero, cunha dotación económica de 1.250€ e un trofeo personalizado a man por Julia Abalde, gañadora da pasada edición do premio

O xurado especializado, integrado polas e polos profesionais Julia Abalde Herrero, David Fernández Fernández e Helena Rodríguez Blanco, decidiu otorgarlle o accésit con diploma a Silver Andree (Adriana Soriano), por “Antología de un recuerdo”, cunha dotación de 350€

Na rolda final de clasificados, foron tamén seleccionados os fanzines “O Campo de Concentración de Lavacolla”, de Colective Pipueca; “Mi nick ya no era húmeda”, de Gemmi Pérez Feijoó (Muller6ollos); “Moon Junction”, de Anabel Colazo; e “O verán que nunca existiu”, de Clara Artiaga

O III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026 recibiu un total de 35 proxectos válidos aspirantes ao galardón, que o público poderá ler na mostra ‘ExpoFanzines Autobán’ no marco de Viñetas desde o Atlántico 2026, do 10 de agosto ao 27 de setembro, na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña

A entrega do premio terá lugar o venres, 14 de agosto, no Circo de Artesáns da Coruña, no marco das actividades da edición de verán de 2026 do Festival de Autoedición e BD Autobán

A información completa do III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026 pode consultarse en: <https://www.autoban.gal/premio26>

A Coruña, 22 de xullo de 2026.- O III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026, promovido pola Asociación Cultural Autobán, co apoio do Concello da Coruña, xa ten gañador. Martín Romero alzouse co galardón grazas á súa obra *Diarios*. O premio consta dunha dotación económica de 1.250€ e un trofeo personalizado a man pola artista Julia Abalde (gañadora da pasada edición do certame). O xurado especializado do certame, integrado polas e polos profesionais Julia Abalde Herrero, David Fernández Fernández e Helena Rodríguez Blanco, decidiu outorgarlle, tamén, o accésit con diploma, cunha dotación de 350€, a Silver Andree (Adriana Soriano), pola súa obra *Antología de un recuerdo*.

Este III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026 recibiu un total de 35 proxectos válido (presentáronse un total de 45, peor 10 non cumpriron os termos necesarios). Na rolda final de clasificados foron tamén seleccionados os fanzines *O Campo de Concentración de Lavacolla*, de Colective Pipueca; *Mi nick ya no era húmeda*, de Gemmi Pérez Feijoó (Muller6ollos); *Moon Junction*, de Anabel Colazo; e *O verán que nunca existiu*, de Clara Artiaga.

A entrega do premio terá lugar o venres 14 de agosto no Circo de Artesáns da Coruña, no marco das actividades da edición de verán de 2026 do Festival de autoedición e BD Autobán. Ademais, o público poderá ver e ler todas as obras válidas presentadas a concurso –un total de 35– na mostra ‘ExpoFanzines Autobán’ no marco do festival Viñetas desde o Atlántico 2026, do 10 de agosto ao 27 de setembro, na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña.

O III Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2025-2026, promovido pola Asociación Cultural Autobán, co apoio do Concello da Coruña, recolle a participación de todas as autoras, autores e colectivos que autoeditaron un cómic ou fanzine gráfico en lingua galega ou desde Galicia entre o 15 de maio de 2025 e o 31 de maio de 2026, cun máximo de 3 obras por participante, sempre que o/a autor/a ou a maioría dos/as compoñentes do colectivo fosen de orixe galega ou estiveran fincados/as en Galicia. O tema, a técnica, o formato e o deseño do fanzine eran libres. A información completa do premio pode consultarse en: <https://www.autoban.gal/premio26>.

FALLO DO XURADO DO III PREMIO AUTOBÁN AO MELLOR FANZINE GALEGO 2025-2026

https://www.dropbox.com/scl/fi/oud1zdz1snc1dmn7gdkjc/Fallo_PremioAutoban2026.pdf?rlkey=8xuafd9xprz5sdfqce7g7l43h&st=gj8rjqwq&dl=0

SOBRE MARTÍN ROMERO

Martín Romero (Boiro, A Coruña, 1981) é ilustrador, autor de cómics e director de animación. Combina todas estas disciplinas para desenvolver os máis diversos proxectos. Como ilustrador realiza traballos que van dende o ámbito publicitario ata o editorial, con clientes como *El País*, Seat ou Abanca. Os seus cómics foron publicados en revistas como *Le Monde Diplomatique* (Francia), *Kuti Kuti* (Finlandia), *Stripburger* (Eslovenia), *Bile Noire* (Francia), *Mille Putois* (Canadá), *O Suplemento* (Brasil) ou a americana *Vice*. As súas novelas gráficas “Las fabulosas crónicas del ratón taciturno” (2011), “Episodios Lunares” (2015) e “La deuda” (2017) foron publicadas tanto en España como en Francia.

Actualmente está desenvolvendo a serie de cómics infantís “Uxío”, con dous títulos publicados ata o momento: “Uxío” (2019) e “Uxío e amigos” (2023). No eido audiovisual dirixiu dúas curtametraxes: “La noche” (2017), baseada nun dos seus cómics, e “To Bird Or Not To Bird” (2023), gañadora do Goya a Mellor Curtametraxe de Animación na edición de 2004.

UNHA PANORÁMICA SOBRE AS DÚAS PRIMEIRAS EDICIÓNS DO PREMIO AUTOBÁN

Na súa primeira edición, celebrada en 2024, Luis Yang alzouse co galardón do I Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego grazas á súa obra *Sunny 16*. O xurado especializado do certame estivo integrado polos profesionais María Gil, historiadora da arte e investigadora; Brais Rodríguez, ilustrador e profesor; e Toño Vilaverde, libreiro especializado, que decidiron outorgarlle, tamén, un accésit con diploma a Gemma Pérez, pola súa obra *Mi nick era #humeda*.

Este I Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2023-2024 recibiu un total de 57 proxectos, con 54 publicacións válidas. Na rolda final de clasificados foron tamén seleccionados os fanzines *Macheta 7*, da Asociación Artístico-Cultural Huhú e Asociación Teixo; *Así somos*, de Raquel Montero; e *sólo una vez más*, de Aisha Rey. O público puido ver e ler todas as obras presentadas a concurso na *Expofanzines* que acolleu o festival Viñetas desde o Atlántico no Palexco da Coruña do 12 de agosto ao 30 de setembro de 2024.

Na súa segunda edición, celebrada en 2025, Julia Abalde alzouse co galardón do II Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego grazas á súa obra *La ilusión*. O xurado especializado do certame estivo integrado polos profesionais Bea Lema, Luis Yang e Sira González, que decidiron outorgarlle, tamén, un accésit con diploma cunha dotación de 350 €, a Brais Rodríguez, pola súa obra *Enxoval*.

Este II Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego 2024-2025 recibiu un total de 50 proxectos. Na rolda final de clasificados foron tamén seleccionados os fanzines *Tales from the Whispering Realm*, de Anabel Colazo; *Foresta*, de Eloy Hermida; e *La balada del Príncipe Zarzaparrilla*, de Paz Rodríguez. O público puido ver e ler todas as obras presentadas a concurso na *Expofanzines* que acolleu o festival Viñetas desde o Atlántico no Palexco da Coruña do 11 de agosto ao 21 de setembro de 2025.

SOBRE AUTOBÁN

Autobán é o festival coruñés de cómic autoeditado. No ano 2023, a iniciativa constitúese como asociación cultural. O seu obxectivo é a promoción da banda deseñada e a ilustración, a autoedición e a autoxestión, así como tecer unha rede de apoio para as persoas que se dedican a estas disciplinas. No seu labor inclúese a creación de eventos e actividades para a xestión de espazos nos que todos os e as amantes da autoedición sexan protagonistas.

A asociación organiza cada mes de agosto o Festival Autobán coincidindo co encontro internacional Viñetas desde o Atlántico. Trátase dun mercado de autoedición que ofrece a autores e autoras, colectivos, proxectos de autoedición e microeditoriais de toda a Península a oportunidade de amosar e vender o seu material. O encontro propón, tamén, combates de debuxantes, presentacións de proxectos, obradoiros, exposicións, música e gastronomía durante a súa celebración.

Por outra banda, a asociación promove, tamén, iniciativas como o Autobom, que se presenta como a edición de primavera do Autobán, coa vontade de ser un encontro entre a xente que se dedica e goza coa autoedición gráfica e a BD alternativa, con charlas, faladoiros, obradoiros e actividades diversas en torno ao mundo dos fanzines. De forma mensual, Autobán organiza, asimesmo, un Club de Debuxo con diferentes temáticas en espazos afines do sector.

En agosto de 2024, o festival de autoedición e BD Autobán celebrou o seu 10º aniversario. O ilustrador José Domingo foi o autor do cartel dese 10º Autobán, nun homenaxe a eses 10 anos de traxectoria do evento, xa que tamén foi el quen deseñou o cartel da primeira edición de Autobán celebrada en 2014. Neste 2026, Autobán regresará á Coruña no mes de agosto para celebrar a 12ª edición do evento.

Entre os fitos do Autobán nesta década de historia cabe destacar que moitas das novas promesas que gañaron o seu Combate de Debuxantes acabaron por converterse en historietistas e artistas de renome, como Xulia Vicente, Cynthia Alfonso, Xulia Pisón, Paula Freire, Teresa Ferreiro, Jorge Parras, Paz Rodríguez ou Aisha Rey.

As sedes máis populares do Autobán ao longo dos anos foron a añorada Nave 1839 e a actual Praza de San Andrés, pero o festival tense movido por toda A Coruña: celebrou edicións no espazo The Room, nos bares Old School, La Maleta, Leticia, Meliora, Bar 13 ou Monty, na Sala Filomatic, na librería A Tobeira de Oza ou no local social A Revolteira, e tivo unha exposición antolóxica no Café de Macondo. En 2024 sumouse, tamén, o Círculo de Artesáns.

Nos faladoiros do Autobán teñen participado dúcias de personalidades do sector, coma os debuxantes Emma Ríos, Natasha Bustos, Alberto Vázquez, Bea Lema, Roberta Vázquez, Manel Cráneo, Santy Gutiérrez, Alberto Guitián, Leandro Barea, Pepa Prieto Puy, Miguel Porto, Inés Cararejos ou Brais Rodríguez, os críticos Octavio Beares, Manuel Barreiro e Edu Maroño, os blogueiros Esteban Yáñez e Ghanito, a bibliotecaria Sira González ou os libeiros Toño Vilaverde e Simón Blanco. Tratáronse temas como a censura e a liberdade de expresión, a visibilidade feminista e LGTBIQ+ no mundo da banda deseñada, os diferentes eventos de autoedición galegos, o funcionamento dos colectivos autorais, o traballo dos humoristas gráficos, o paso á industria do videoxogo, o panorama fanzineiro a nivel estatal ou a historia da autoedición en Galicia.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155

luisa@theofficeco.es

MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.autoban.gal/>

DESCARGA DO KIT DE PRENSA

(NP, cartel, bases da convocatoria, fallo do xurado, fotografías e outros materiais de difusión)

<https://cutt.ly/III-Premio-Autoban-25-26>